

# XORNADA DE CONFERENCIAS

**FILMOTECA  
DE GALICIA**  
9 DE ABRIL DE 2024

Matrícula gratuita limitada a 20 participantes, por estricta orde de inscrición. Esta pode facerse no correo [ramon@lostandfoundfilms.com](mailto:ramon@lostandfoundfilms.com) ou no formulario que figura na web [lostandfoundfilms.com](http://lostandfoundfilms.com) no apartado de actualidade, na entrada referida a esta actividade.

10:00 – 11:30  
**'UNHA INTRODUCCIÓN  
Á PRESERVACIÓN  
DE CINEMA', POR  
INÉS TOHARIA**  
DIRECTORA DE CINEMA  
E EXPERTA EN PRESERVACIÓN  
FÍLMICA

11:30 – 13:00  
**'TRABALLO DE ARQUIVO  
E CINEMAS PEQUEÑOS. A  
PARTIR DE JOSÉ ERNESTO  
DÍAZ-NORIEGA'**  
POR CAROLINA CAPPÀ  
INVESTIGADORA E  
RESTAURADORA DE CINEMA

13:00 – 14:00  
**'APROXIMACIÓN Á  
PROGRAMACIÓN  
DE CINEMA DE PATRIMONIO',  
POR VÍCTOR PAZ**  
XORNALISTA  
ESPECIALIZADO  
E PROGRAMADOR

16:00 – 18:00  
**OBRADOIRO  
DE PROGRAMACIÓN,  
POR VÍCTOR PAZ**

# CINEMA

REXISTRO  
VIVO DA NOSA  
MEMORIA

MÁIS INFORMACIÓN EN  
[LOSTANDFOUNDFILMS.COM](http://LOSTANDFOUNDFILMS.COM)


CO APOIO DA



COLABORA




FILMOTECA  
DE GALICIA



# XORNADA DE CONFERENCIAS

FILMOTECA  
DE GALICIA  
9 DE ABRIL DE 2024



10:00 – 11:30

## 'UNHA INTRODUCIÓN Á PRESERVACIÓN DE CINEMA', POR INÉS TOHARIA

DIRECTORA DE CINEMA E EXPERTA EN  
PRESERVACIÓN FÍLMICA

O documental Cinema, rexistro vivo da nosa memoria xurdiu coa intención de dar a coñecer o campo da preservación fílmica. Esta presentación fará o mesmo, xerando debate sobre a fin que persegue e por que importa. Proponse, daquela, afondar no por que se teñen conservado elementos audiovisuais e en recordar, tamén, por que desapareceron tantos rexistros filmados ao longo da historia. A intención é resaltar o labor dos arquivos e dos arquivistas audiovisuais que son, principalmente, quen contribuíron a rescatar e salvagardar estes materiais.

11:30 – 13:00

## 'TRABALLO DE ARQUIVO E CINEMAS PEQUENOS. A PARTIR DE JOSÉ ERNESTO DÍAZ-NORIEGA', POR CAROLINA CAPPA

INVESTIGADORA E RESTAURADORA DE CINEMA

O cinema amateur de José Ernesto Díaz-Noriega foi obxecto de dixitalización e estudo durante o primeiro ano do proxecto de investigación "Segunda mano" na Elías Quetejeta Zine Eskola. A partir desta experiencia, presentaremos reflexións e conceptos sobre as dificultades para a circulación e preservación de cinematografías que se saen do circuíto oficial de cinema, tanto pola súa exhibición como complexidade material.

13:00 – 14:00

## 'APROXIMACIÓN Á PROGRAMACIÓN DE CINEMA DE PATRIMONIO', POR VÍCTOR PAZ

XORNALISTA ESPECIALIZADO E PROGRAMADOR

Abordarase a conceptualización de programas de cinema restaurado en certames e filmotecas, cunha introdución ás prácticas curatoriais máis ao uso. Isto inclúe, por suposto, a elaboración de textos críticos que deben presentar o proxecto e a elaboración dunha estratexia de difusión e exhibición. Pretende a intervención ser ante todo práctica, achegando algúns consellos de utilidade xeral para as persoas que se inician nesta práctica, nomeadamente no eido do cinema de patrimonio, que ten as súas propias regras e unha estrutura propia que hai que coñecer.

16:00 – 18:00

## OBRADOIRO DE PROGRAMACIÓN POR VÍCTOR PAZ

O alumnado que o desexe pode rematar o curso cunha guía práctica de programación, saíndo das conferencias cunha proposta de programa baixo o brazo, para desenvolver na súa vida profesional. Nestas dúas horas poranse en común ideas do alumnado e abordarase en conxunto estratexias para realizar efectivamente eses programas.

**CINEMA**  
REXISTRO  
VIVO DA NOSA  
MEMORIA

MÁIS INFORMACIÓN EN  
[LOSTANDFOUNDFILMS.COM](http://LOSTANDFOUNDFILMS.COM)

CO APOIO DA



COLABORA



FILMOTECA  
DE GALICIA